



## ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, O EXCELENTÍSIMO CONCELLO DE LUGO E A FUNDACIÓN "LA CAIXA" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA CAIXAPROINFANCIA

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social,

#### **DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar co Excelentísimo Concello de Lugo e a Fundación “La Caixa” o convenio de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 decembro de 2018, podendo ser prorrogado, previo acordo das partes, de xeito que cada prórroga teña unha duración de dous anos.

Que o convenio de colaboración ten por obxecto:

Establecer un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, o Concello de Lugo e a Fundación Bancaria “la Caixa”, a fin de coordinar os esforzos dirixidos a optimizar a aplicación do Programa CaixaProinfancia nunha área xeográfica determinada dentro do ámbito urbano da cidade de Lugo. Este programa está destinado a facilitar tanto a mellora da situación dos nenos e nenas e das súas familias, como a que desenvolvan as competencias e o compromiso necesario que lles permita asumir con autonomía o devandito proceso de mellora. A colaboración prevista neste





convenio centrarase en establecer e desenvolver un procedemento de actuación que permita identificar ás familias que teñan menores e se atopen en situación ou risco de exclusión social, informadas da existencia do Programa Caixa Proinfancia e que as administracións públicas asinantes deste convenio cooperen no traballo desenvolto con estas familias ao abeiro do programa coa finalidade de que este teña un carácter integral, así como todas as actuacións que sexan necesarias para alcanzar os obxectivos do programa.

Desta forma búscase crear un marco común de traballo destinado a fixar procedementos concretos de actuación, así como metodoloxías conxuntas que se traduzan na promoción da transformación social e na mellora efectiva da situación dos e das menores e as súas familias afectados por unha situación de pobreza e vulnerabilidade social para o seu desenvolvemento integral e o incremento das súas oportunidades.

Con este convenio preténdese, en definitiva, establecer un marco de colaboración destinado a potenciar e garantir as iniciativas contidas no Programa CaixaProinfancia e a asegurar a máxima eficacia e eficiencia dos seus resultados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o convenio de colaboración que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Obra Social “la Caixa”, mediante CaixaProinfancia, quere promover a creación de alianzas e colaboracións con terceiros a favor da infancia, motivo polo que este programa se desenvolve mediante a colaboración con entidades sen ánimo de lucro e trata de favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación entre todos os axentes sociais, públicos e privados, que inciden no neno, nena, adolescente e as súas familias. En concreto, neste convenio establécese a cooperación coa Xunta de Galicia e co Concello de Lugo para o logro dos obxectivos que se describen a continuación:





- Favorecer o desenvolvemento das competencias do neno, nena e adolescente e da súa familia, que permitan mellorar os seus procesos de inclusión social e autonomía.
- Promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social.
- Desenvolver e implementar un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo dos nenos e nenas e das súas familias.

A realización de tales obxectivos require dunha formulación global e sistémica que considere a multifactorialidade que caracteriza as situacións de pobreza, para o que resulta esencial constituír esta fórmula de cooperación e coordinación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio de colaboración que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 21 de marzo de 2016.

